



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2087/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 8 de maio de 2026

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. Ana M.<sup>a</sup> Mejías Sacaluga  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día oito de maio de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(359).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 4 de maio de 2026. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(360).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO. EXPTE. 99460/332.**

Visto o informe de fiscalización de data 04/05/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 30/04/2026, que di o seguinte:

S.ord. 08/05/2026



|  |  |                |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 1 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                |

## 11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Teatro (99460-332)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se poboña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Teatro (99460-332)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 23 de xaneiro de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Teatro.*

*2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 01/12/2025, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 19/12/2025 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Teatro.*

*3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 355.134,57 euros, exento de IVE, para a contratación do servizo de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Teatro, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9903 (Escola municipal de Teatro), e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , do xeito seguinte:*

| ANUALIDADE                    | Importe (exento de IVE) |
|-------------------------------|-------------------------|
| 2026 (desde o 18 de setembro) | 36.948,34 €             |
| 2027                          | 118.378,19 €            |
| 2028                          | 118.378,19 €            |
| 2029 (ata o 17 de setembro)   | 81.429,85 €             |
| <b>Total</b>                  | <b>355.134,57 €</b>     |



|  |  |                |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 2 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                |



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2087/1102

4º.- *Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.*”

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 16 de abril de 2026 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Teatro (99460-332) na seguinte orde descendente:*

|   | Licitador      | Puntuación total |
|---|----------------|------------------|
| 1 | IMAXINERÍA, SL | 96,50            |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMAXINERÍA, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMAXINERÍA, SL, o día 17 de abril de 2026, que presenta a documentación requirida os días 21 e 27 de abril de 2026, dentro do prazo concedido.

Esta documentación, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- A escritura de constitución da licitadora na que constan os estatutos co obxecto social e o nomeamento do seu representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (82.864,73 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (82.864,73 €), presentan certificado de boa execución no que o importe do ano 2025 supera esta cantidade.
- Solicitud de retención no prezo do contrato do importe da garantía definitiva (16.780,11 €).

S.ord. 08/05/2026



|  |  |                |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 3 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                |

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo xunto co certificado de inscrición da mercantil no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia onde figuran os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 30 de abril de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar IMAXINERÍA, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por IMAXINERÍA, SL, de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor, de data 13 de abril de 2026 e co acordo da Mesa de Contratación, de data 16 do mesmo mes, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a IMAXINERÍA, SL o procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Teatro (99460-332) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 335.602,17 euros (IVE exento).*



|  |  |                |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 4 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                |



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2087/1102

- b) *Comprométese á realización de 78 horas anuais de cursos específicos monográficos, de conformidade co establecido no punto 3.4.2 do Proxecto Educativo da EMT. 5.*
- c) *Comprométese á impartición de 45 horas anuais de actividades/espectáculos extraescolares, de conformidade co indicado no punto 3.4.1 do Proxecto Educativo da EMT.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(361).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “EXECUCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN EN CEIP VALLE INCLÁN, VIGO”. EXPTE. 2432/441.**

Visto o informe de fiscalización de data 04/05/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 30/04/2026, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para contratación das obras do proxecto de “Execución de muro de contención en CEIP Valle Inclán, Vigo” (2432-441)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para contratación das obras do proxecto de “Execución de muro de contención en CEIP Valle Inclán, Vigo” (2432-441)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 5 de decembro de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “EXECUCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN EN*

S.ord. 08/05/2026



|  |  |                |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 5 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                |

CEIP VALLE INCLÁN, VIGO” redactado e asinado polo enxeñeiro industrial D. Javier de la Puente Crespo.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 27.10.2025.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO SETENTA E OITO MIL SEISCENTOS SESENTA EUROS con OITENTA E OITO CÉNTIMOS (178.660,88 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 31.007,26 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento vixente do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 3230.632.0041 – proxecto de gasto 25323041 (Muro CEIP Valle Inclán), provinte da modificación orzamentaria nº 56A/2025, suplemento de crédito e crédito extraordinario (expediente 96/142), segundo a distribución de anualidades proposta.

|      |              |
|------|--------------|
| 2025 | 178.660,88 € |
|------|--------------|

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 9 de abril de 2026 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para contratación das obras do proxecto de “Execución de muro de contención en CEIP Valle Inclán, Vigo” (2432-441) na seguinte orde descendente:

| Orde | Licitador                              | Puntuación total |
|------|--|------------------|
| 1    | OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL      | 96,67            |
| 2    | SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO,SL | 92,10            |
| 3    | REFORVIGO, SL                          | 17,38            |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”.



|  |  |                |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 6 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                |



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2087/1102

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL, o día 9 de abril de 2026, que presenta a documentación requirida o 22 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil co seu obxecto social e o nomeamento do seu representante, así como como a súa clasificación no Grupo C – Subgrupo 2 – Categoría 2.
- A escritura de constitución da licitadora, onde figura o nomeamento do seu representante, e o DNI deste.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa Grupo C – Subgrupo 2 – Categoría 2 presentan a clasificación Grupo C – Subgrupo 2 – Categoría 2.
- Seguro de caución por un importe de 7.100,00 € € que cubre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo xunto co certificado de inscrición da mercantil no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia onde figuran os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 30 de abril de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

S.ord. 08/05/2026



|  |  |                |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 7 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                |

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 2 e 31 de marzo de 2026, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL o procedemento aberto para contratación das obras do proxecto de “Execución de muro de contención en CEIP Valle Inclán, Vigo” (2432-441) por un prezo total do contrato de 171.820,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 29.820,00 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas*

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **4(362).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "CONSTRUCCIÓN DUN MURO DE CONTENCIÓN E PECHE NO CAMIÑO DA IGREXA – VALADARES". EXPTE. 2435/441.**

Visto o informe de fiscalización de data 04/05/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 30/04/2026, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construcción dun muro de contención e peche no camiño da Igrexa – Valadares" (2435-441)

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011



|  |  |                |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 8 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                |



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2087/1102

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción dun muro de contención e peche no camiño da Igrexa – Valadares" (2435-441)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 5 de decembro de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "CONSTRUCCIÓN DUN MURO DE CONTENCIÓN E PECHENO CAMIÑO DA IGREXA - VALADARES" redactado e asinado polo enxeñeiro industrial D. Javier de la Puente Crespo.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 27.10.2025.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS UN MIL SETECENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (201.775,99 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 35.018,97 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento vixente do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 3230.632.00.40 – proxecto de gasto 25323040 (Muro CONTENCIÓN CEIP VALLADARES), provinte da modificación orzamentaria nº 56A/2025, suplemento de crédito e crédito extraordinario (expediente 96/142), segundo a distribución de anualidades proposta.*

|      |              |
|------|--------------|
| 2025 | 201.775,99 € |
|------|--------------|

*Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 9 de abril de 2026 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción dun muro de contención e peche no camiño da Igrexa – Valadares" (2435-441) na seguinte orde descendente:*

| Orde | Licitador                         | Puntuación total |
|------|-----------------------------------|------------------|
| 1    | OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL | 97,83            |
| 2    | PROSEMA NOROESTE, SL              | 91,01            |
| 3    | REFORVIGO, SL                     | 20,02            |

S.ord. 08/05/2026



|  |  |                |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 9 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                |

**Segundo.-** Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL, o día 10 de abril de 2026, que presenta a documentación requirida o 22 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil co seu obxecto social e o nomeamento do seu representante, así como como a súa clasificación no Grupo C – Subgrupo 2 – Categoría 2.
- A escritura de constitución da licitadora, onde figura o nomeamento do seu representante, e o DNI deste.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa Grupo C – Subgrupo 2 – Categoría 2 presentan a clasificación Grupo C – Subgrupo 2 – Categoría 2.
- Seguro de caución por un importe de 7.100,00 € € que cubre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo xunto co certificado de inscrición da mercantil no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia onde figuran os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 30 de abril de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 10 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2087/1102

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 9 de marzo e 6 de abril de 2026, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a OMAIN CONSTRUCCION SOSTENIBLE, SL o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción dun muro de contención e peche no camiño da Igrexa – Valadares” (2435-441) por un prezo total do contrato de 189.970,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 32.970,00 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(363).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA MANTEMENTOS E CONSERVACIÓN A REALIZAR NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. EXPTE. 25388/333.**

Visto o informe xurídico de data 30/04/2026 e o informe de fiscalización do 04/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 28/04/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

S.ord. 08/05/2026



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 11 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |

**I.- ANTECEDENTES:**

1.- O servizo de deportes ten, entre as súas competencias, a xestión e o mantemento das instalacións deportivas municipais. En relación co mantemento das instalacións, o servizo desenvolve actuacións e obras de interese municipal, encamiñadas fundamentalmente a mantementos ordinarios orientados a garantir un uso seguro e axeitado das mesmas.

2.- En virtude do anterior, para a realización deste subministro, en data 20.01.26 emítese informe de necesidade e idoneidade asinado polo Xefe do servizo de deportes, ao abeiro do cal, o día 21.01.26, o concelleiro de área de Goberno de Fomento, servizos e deportes acordou o inicio do expediente de contratación.

3.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado polo xefe do servizo de deportes o día 20.01.26, onde se indican as finalidades institucionais competencia da administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da área de fomento, servizos e deportes o día 21.01.26.
- c) Prego de prescricións Técnicas asinado polo Xefe do servizo de deportes o día 06.03.26.
- d) Memoria económica asinada polo xefe do servizo de deportes o día 24.04.26.
- e) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentación o día 26.01.26.
- f) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo xefe do servizo de deportes e asinada o día 06.03.26.
- g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do servizo de Contratación e a Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación do día 27.04.26.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (Artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición adicional 2ª.4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do Contrato

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4.f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica e profesional, económica e financeira (artigo 116.4.c LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada, os criterios de adjudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a súa división por lotes (artigo 116.4.g) da LCSP, as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto.

**Cuarto.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril).



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 12 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2087/1102

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular de asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da intervención (artigo 116.3 LCSP).

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª.4 LCSP).

### III.- PROPOSTA:

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da asesoría xurídica, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación para o SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA MANTEMENTOS E CONSERVACIÓN A REALIZAR NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO, cun orzamento base de licitación que ascende a un total de “TRESCENTOS TRINTA E SEIS MIL EUROS” (336.000,00€).

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Xefe do Servizo de deportes do día 06.03.26.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e a Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación do día 27.04.26.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto con cargo á partida orzamentaria 3420.2120000 “Mantemento e mellora instalacións deportivas”, coa seguinte distribución:

| Axustamentos | Lotes   | Prezo sen IVE       | IVE                | Total               |
|--------------|---|---------------------|--------------------|---------------------|
| 2026         | Lote 1: Materiais para fontanería e saneamento. | 11.570,25 €         | 2.429,75 €         | 14.000,00 €         |
|              | Lote 2: Materiais de ferretería.                | 20.661,16 €         | 4.338,84 €         | 25.000,00 €         |
|              | Lote 3: Material para instalacións eléctricas.  | 26.859,50 €         | 5.640,50 €         | 32.500,00 €         |
|              | Lote 4: Material pintado.                       | 6.198,35 €          | 1.301,65 €         | 7.500,00 €          |
|              | Lote 5: Material construción.                   | 4.132,23 €          | 867,77 €           | 5.000,00 €          |
|              | <b>Total</b>                                    | <b>69.421,49 €</b>  | <b>14.578,51 €</b> | <b>84.000,00 €</b>  |
| 2027         | Lote 1: Materiais para fontanería e saneamento. | 23.140,50 €         | 4.859,50 €         | 28.000,00 €         |
|              | Lote 2: Materiais de ferretería.                | 41.322,31 €         | 8.677,69 €         | 50.000,00 €         |
|              | Lote 3: Material para instalacións eléctricas.  | 53.719,01 €         | 11.280,99 €        | 65.000,00 €         |
|              | Lote 4: Material pintado.                       | 12.396,69 €         | 2.603,31 €         | 15.000,00 €         |
|              | Lote 5: Material construción.                   | 8.264,46 €          | 1.735,54 €         | 10.000,00 €         |
|              | <b>Total</b>                                    | <b>138.842,98 €</b> | <b>29.157,02 €</b> | <b>168.000,00 €</b> |
| 2028         | Lote 1: Materiais para fontanería e saneamento. | 11.570,25 €         | 2.429,75 €         | 14.000,00 €         |
|              | Lote 2: Materiais de ferretería.                | 20.661,16 €         | 4.338,84 €         | 25.000,00 €         |
|              | Lote 3: Material para instalacións eléctricas.  | 26.859,50 €         | 5.640,50 €         | 32.500,00 €         |
|              | Lote 4: Material pintado.                       | 6.198,35 €          | 1.301,65 €         | 7.500,00 €          |
|              | Lote 5: Material construción.                   | 4.132,23 €          | 867,77 €           | 5.000,00 €          |
|              | <b>Total</b>                                    | <b>69.421,49 €</b>  | <b>14.578,51 €</b> | <b>84.000,00 €</b>  |

S.ord. 08/05/2026



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 13 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(364).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “CHAYANNE”: VIGO EN FESTAS 2026. EXPTE. 10622/335.**

Visto o informe xurídico de data 30/04/2026 e o informe de fiscalización do 04/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 30/04/2026, asinado pola técnica media de actividades culturais e educativas, a xefa do Servizo de Festas e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións lexisladas vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

#### **ANTECEDENTES**

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 10 de novembro de 2026
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe;
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o im-

S.ord. 08/05/2026



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 41 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |

porte, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

#### Gastos subvencionables:

**Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2026 e que teñan como data límite os dous meses posteriores á última das actividades financiadas e que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.**

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor ( máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Consideraranse gastos subvencionables, os que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 42 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2087/1102

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

### **XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos do Servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

### **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

### **INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso

S.ord. 08/05/2026



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 43 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |

**PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(373).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE “MELLORAS NO SANEAMENTO NA ENTORNO DE BALAÍDOS. FASE II: RETRANQUEO DOS COLECTORES PARALELOS Á GRADA DE TRIBUNA”: PLAN DE INVERSIÓNS DE AQUALIA. EXPTE. 1885/441.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 30/04/2026, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe de Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 29 de decembro de 2025, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2030, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”,



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 44 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2087/1102

con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado segundo, recóllese a execución dun plan de investimentos por un importe máximo de 41.723.704,74 euros, ou a cantidade que resulte segundo a evolución do custe financeiro e da activación dos desembolsos; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento e cadro de prazos das unidades de obra acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021 e 10.04.26), e o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 04.12.2025.

III.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 24 de abril de 2026 acordou:

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto de **MELLORAS NO SANEAMENTO NO ENTORNO DE BALAIOS.FASE II: RETRANQUEO DOS COLECTORES PARALELOS Á GRADA DE TRIBUNA**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Eugenia Calvo López, cun orzamento de execución material de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS SETENTA E UN MIL CATROCIENTOS VINTE E TRES CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (2.371.423,53 EUROS), e un orzamento base de licitación de TRES MILLÓNS CATROCIENTOS CATORCE MIL SEISCENTOS DOCE CON SETENTA E CATROS CÉNTIMOS (3.414.612,74 €). o proxecto dispón de sinatura dixital de data 17 de abril de 2026.

**Segundo.-** Aprobar os custes asociados ao proxecto de **MELLORAS NO SANEAMENTO NO ENTORNO DE BALAIOS.FASE II: RETRANQUEO DOS COLECTORES PARALELOS Á GRADA DE TRIBUNA** por un importe de 127.514,55 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

| TRABALLO                           | COLABORADOR           | HONORARIOS   |
|------------------------------------|-----------------------|--------------|
| Redacción de proxecto              | SERYE INGENIEROS S.L. | 47.428,47 €  |
| Asistencia técnica á D.O.          | SERYE INGENIEROS S.L. | 47.428,47 €  |
| Coordinación de seguridade e saúde | CIES ATLÁNTICO SLU    | 11.857,12 €  |
|                                    | SUMA                  | 106.714,06 € |
|                                    | 11% Gastos de Xestión | 11.738,55 €  |
| Estudios xeotécnicos               | GALAICONTROL          | 9.061,94 €   |
|                                    | TOTAL (IVE excluído)  | 127.514,55 € |

S.ord. 08/05/2026



**Terceiro.-** Nomear como directores de obra a D. Juan Sánchez González e D. Xacobe Paz Salgado, Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos.

**IV.-** Con data 29 de abril de 2026 Aqualia-FCC Vigo presenta a documentación referida ás características do contrato da obra. En concreto:

- Código do proxecto: Exp 1885/441
- Nome e razón social do adxudicatario: SOCIEDAD ESPAÑOLA DE AGUAS
- FILTRADAS, S.A.
- NIF: A28223741.
- Orzamento de execución material: 2.371.423,53 €
- Orzamento de contrata: 2.821.994,00 € (antes de IVA)
- Prazo de execución: 14 meses
- Data de inicio da obra: ao día seguinte da sinatura da acta de replanteo.
- Clasificación do contratista:  
Grupo E, subgrupo 1, categoría 5.
- Prazo de garantía: 2 anos
- Asistencia técnica: SERYE INGENIEROS
- Coordinación de Seguridade e Saúde: CIES ATLÁNTICO SLU

## CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

**I.** A execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de investimentos aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación.

**II.-** Co fin de que os mecanismos de control, vixilancia, fiscalización e seguemento das obras inherentes aos distintos Plans de Investimentos da concesión se instrumentasen a través de medidas que garantan a consecución dun nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión de 8 de marzo de 2013, aprobou a ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos de FCC Aqualia Vigo, UTE (por acordo de XGL de data 06.05.21 procedeuse a adaptación legal do mesmo, e foi modificado po acordo de XGL de 10.04.26). No mesmo contemplábase os gastos repercutibles á Administración coa súa imputación ao plan de investimentos; gastos que son obxecto da presente proposta de aprobación e que foron revisados e informados polos enxeñeiros de camiños, canais e portos municipais, que emitiron o informe que precede.

**III.-** Recóllese no devandito procedemento de ordenación procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos a necesidade de dar conta pola entidade concesionaria á Xunta de Goberno Local dos datos consignados no punto III.c do procedemento, que son os que se reflicten nos antecedentes.

**IV.-** O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a terceira prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da "Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo",



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 46 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2087/1102

outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación dos costes asociados ao proxecto de obra corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### ACORDO

**PRIMEIRO.-** Quedar enteirada da tramitación do seguinte expediente **MELLORAS NO SANEAMENTO NO ENTORNO DE BALAIOS.FASE II: RETRANQUEO DOS COLECTORES PARALELOS Á GRADA DE TRIBUNA** cos datos requeridos no apartado III.c do Acordo da Xunta de Goberno de data 08.03.2021 (adaptado en XGL de 06.05.2021 e XGL de 10.04.26) que aproba o procedemento a seguir nas obra do plan de Inversións de Aqualia, segundo o seguinte detalle:

- Código do proxecto: Exp 1885/441
- Nome e razón social do adxudicatario: SOCIEDAD ESPAÑOLA DE AGUAS
- FILTRADAS, S.A.
- NIF: A28223741.
- Orzamento de execución material: 2.371.423,53 €
- Orzamento de contrata: 2.821.994,00 € (antes de IVA)
- Prazo de execución: 14 meses
- Data de inicio da obra: ao día seguinte da sinatura da acta de replanteo.
- Clasificación do contratista:  
Grupo E, subgrupo 1, categoría 5.
- Prazo de garantía: 2 anos
- Asistencia técnica: SERYE INGENIEROS
- Coordinación de Seguridade e Saúde: CIES ATLÁNTICO SLU

**SEGUNDO-** Notifíquese o presente acordo a FCC AQUALIA VIGO UTE, indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 08/05/2026



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 47 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |

**16(374).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE DOUS ELEMENTOS DE MOBILIARIO URBANO PARA A PRESENTACIÓN DE INFORMACIÓN (MUPI) NO CASCO HISTÓRICO DE BOUZAS, NO MARCO DO PRTR, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU. EXPTE. 9039/104.**

Visto o informe xurídico de data 23/04/2026 e o informe de fiscalización do 28/04/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 20/04/2026, asinado pola xefa de Turismo, o xefe da Área de Inversións e conformado pola concelleira delegada de Turismo, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos, así como da execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, así como cantas normas de desenvolvemento apróbense.
- Regulamento (UE, EURATOM) 2018/1046, do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión e polo que se modifican os Regulamentos (UE) n.º 1296/2013, 1301/2013, 1303/2013, 1304/2013, 1309/2013, 1316/2013, 223/2014 e 283/2014, e a Decisión n.º 541/2014/UE, e derrógase o Regulamento (UE, Euratom) n.º 966/2012; o Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

**ANTECEDENTES:**

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 48 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2087/1102

2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, foi asinada o 17/02/26.

- Memoria económica de data 27/03/26 , relativa aos seguintes extremos:
  - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento basee de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo), aos que fai referencia o artigo 102 da LCSP, en base aos prezos facturados polo mesmo tipo de servizos en anos anteriores para levar a cabo o obxecto do presente contrato, realizando un cálculo do custo medio.
  - Xustificación de que o contrato non supoñerá un desequilibrio orzamentario, ao estar o gasto contemplado no orzamento, e de que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril).
  - Forma de de abono do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 10/03/26 (operación nº12026000022924).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP), de data 27/03/26.
- Memoria xustificativa de data 27/03/26 relativa aos seguintes extremos:
  - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
  - Xustificación do procedemento aberto (artigo 159.6 da LCSP).
  - Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 da LCSP).
  - Xustificación da elección do criterio de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP).
  - Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigos 67.5.f e 67.7.e do RLCAP).
- Informe do servizo de contratación de data 31/03/26 no que se certifica que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública e o Prego de cláusulas administrativas de data 31/03/26

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo con o disposto no artigo 116.1 da LCSP, iníciase polo Órgano de Contratación, motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por Resolucións da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de área de goberno e nos concelleiros delegados, con data 22 de xuño de 2023 e publicada no BOP nº 123 de data 27 de xuño de 2023, modificada por Decreto da Alcaldía de data 28 de xuño de 2024, e posterior 25/09/2025

A Concelleira Delegada de Turismo, mediante resolución de data 17/02/26 , autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

**Segundo.-** Dado o obxecto, o tipo de contrato é de servizos (art. 17 da LCSP). O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, en aplicación dos artigos 131.2, 145 e 156.1 da Lei 9/2017, conforme aos termos e requisitos establecidos no devandito texto legal.

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevén os apartados 2 e 3 do artigo 116 da LCSP, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

S.ord. 08/05/2026



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 49 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) da LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes da LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 da LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) da LCSP), os criterios de adxudicación (artigos 145 e 146 da LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 da LCSP) e o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8, da LCSP, e a disposición adicional oitava, apartado e), da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Sétimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP dispoñen que ao expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito ou o documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, será incorporado ao procedemento pola Intervención Xeral con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

**Oitavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente corresponde á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda, apartado 11, da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP), e implicará a aprobación do gasto.

**Noveno.-** A aprobación do expediente de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª.4 da LCSP).

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo.

## PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

**Primeiro:** Aprobar o expediente de contratación a través do procedemento aberto de PRESTACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE DOUS ELEMENTOS DE MOBILIARIO URBANO PARA A PRESENTACIÓN DE INFORMACIÓN (MUPI) NO CASCO HISTÓRICO DE BOUZAS, NO MARCO DO PSTD FINANCIADO POLO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU

**Segundo:** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 26/03/26 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato, asinado polo servizo de contratación con data 31/03/26

**Terceiro:** Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de 84.700,00 € con un IVE de 14.700,00 €



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 50 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2087/1102

O contrato financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria 4320 6090000 AMPLIACION REDE CONECTIVIDADE PSTD FMRR co proxecto asociado 24432050

**Cuarto:** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(375).- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DEFINITIVA DO TEXTO DO CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO, NA ZONA 7 PRAZA DE ESPAÑA, SOBRE AS PARCELAS SITAS ENTRE A RÚA EMILIO PARDO BAZÁN, AVDA. DE MADRID, RÚA CONDE DE GONDOMAR E AVDA. GRAN VÍA. EXPTE. 5359/401.**

Visto o informe xurídico de data 30/04/2026 e o acordo do Consello de Xerencia da Xerencia de Urbanismo de data 05/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 27/04/2026, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa de departamento de Desenvolvemento Urbanístico e conformado polo xerente de Urbanismo e pola concelleira-delegada da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### I. Antecedentes e Feitos

I.I. O Planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM 2025), aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria do día 26.05.2025, na que se aprobou definitivamente o documento nomeado '*Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo, versión para aprobación definitiva*' datado en febreiro 2025. O acordo de aprobación definitiva foi publicado no Diario Oficial de Galicia núm.123 do 30.06.2025 e a súa normativa foi publicada no BOPPO núm.146 do día 04.08.2025 (Exp. 15313/411); por conseguinte, nos termos da normativa de réxime local, desprega a súa eficacia e executividade como instrumento de ordenación integral do municipio e de disposición de carácter xeral de natureza regulamentaria.

I.II. Previa a súa oportuna negociación, en data 30.09.2025 (COD.SOL.: W1368167-2177) D. Alberto Leboreiro Amaro, con DNI núm. \*\*\*1135\*\*, presenta no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo, a seguinte documentación:

- Borrador/ proposta de Convenio urbanístico de execución de planeamento da Zona7, Praza de España, comprendida entre a Avenida Gran Vía, Emilia Pardo Bazán, Avenida de Madrid e Conde de Gondomar.

- Copia das escrituras que acreditan a titularidade e toda a información relativa as parcelas catastrais incluídas no ámbito.

- Plano topográfico e plano de ordenación SUC 04 5-G.

S.ord. 08/05/2026



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 51 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |

A tales efectos en en base aos antecedentes expostos, solicita a tramitación do Borrador/ Proposta de convenio urbanístico de execución de planeamento sobre as parcelas anteriormente descritas.

I.III. En data 02.10.2025 a Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, ditou Resolución pola que se dispuxo incoar a tramitación do presente expediente. Da antedita Resolución tomou coñecemento o Consello da XMU na sesión ordinaria que tivo lugar en data 07.10.2025.

I.IV. En virtude do solicitado, e trala negociación da dita proposta de convenio, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo na sesión ordinaria do día 09.12.2025 acordou elevar á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo o expediente de aprobación inicial da *“PROPOSTA DE CONVENIO DE EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO NA PRAZA DE ESPAÑA, ZONA 7. SOBRE AS PARCELAS SITAS ENTRE AS RÚAS EMILIA PARDO BAZÁN, AVENIDA DE MADRID, CONDE DE GONDOMAR E AVENIDA GRAN VÍA.”*

I.V. En data 19.12.2025 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión ordinaria acordou, “Aprobar o proxecto de texto inicial, que figura como Anexo a esta proposta, co seguinte título: *“PROPOSTA DE CONVENIO DE EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO NA PRAZA DE ESPAÑA, ZONA 7. SOBRE AS PARCELAS SITAS ENTRE AS RÚAS EMILIA PARDO BAZÁN, AVENIDA DE MADRID, CONDE DE GONDOMAR E AVENIDA GRAN VÍA.”*

I.VI. O texto de aprobación inicial do Convenio foi asinado polas partes intervinentes en data 22.01.2026 (trámite 39 do expediente electrónico) .

I.VII. En cumprimento do disposto no acordo de aprobación inicial, someteuse o expediente ao preceptivo trámite de información pública polo prazo dun (1) mes, mediante senllos anuncios publicados no diario “Faro de Vigo” en data 06.02.2026, e no Diario Oficial de Galicia núm. 53 do día 20.03.2026.

I.VIII. En data 21.04.2026 a Xefa da Oficina de Rexistro da Xerencia de Urbanismo estende dilixencia na que fai constar: *“Que o texto inicial do convenio urbanístico de execución de planeamento, Zona 7, Praza de España, sobre as parcelas sitas entre as rúas Emilia Pardo Bazán, avenida de Madrid, Conde de Gondomar e a avenida Gran Vía”, someteuse ao trámite de información pública, polo prazo dun (1) mes, mediante a publicación de senllos anuncios nun dos diarios de maior difusión da provincia (Faro de Vigo do 6 de febreiro de 2026) e no Diario Oficial de Galicia (número 53, do 20 de marzo de 2026).  
Durante o dito prazo non se presentou escrito de alegación algún.*

Na mesma data (21.04.2026) o Secretario da XMU co visto e prace da Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, emite certificación do resultado do trámite de información pública, do mesmo teor literal que a antedita dilixencia da xefa da oficina do rexistro desta XMU.



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 52 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2087/1102

### II. Fundamentos de Dereito/ Consideracións xurídicas

#### II.I. Normativa básica aplicable

- TRLS/2015 (RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana),
- LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia),
- RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia),
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),
- LRXSP (L. 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público),
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),
- Revisión do PXOU/1993, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria do día 26.05.2025. A aprobación definitiva da revisión do PXOU 1993 foi publicada no Diario Oficial de Galicia núm.123 do 30.06.2025 e a súa normativa e ordenanzas, no BOPPO núm.146 do día 04.08.2025 ,
- O resto de disposicións que poidan afectar,

#### II.II. Aprobación definitiva

O RLSG recolle nos artigos 401, 402 e 403 á formalización, perfeccionamento e publicidade dos convenios urbanísticos.

Deste xeito, trala aprobación inicial do texto inicial do Convenio pola Xunta de Goberno Local, e a vista do resultado do preceptivo trámite de información pública, do xeito e co resultado que se indicou nos previos antecedentes de feito, sen que se teñan presentado ningún escrito de alegacións, procede neste intre a ratificación do texto definitivo do convenio polo órgano municipal competente, a publicación do acordo de aprobación do Convenio e do texto asinado no DOGA e a súa anotación no rexistro de convenios e copia ao arquivo de convenios.

#### II.III. Órgano competente

De conformidade coa normativa vixente, unha vez finalizado o trámite de información pública de aprobación do texto inicial do *“Convenio urbanístico de execución de planeamento, Zona 7, Praza de España, sobre as parcelas sitas entre as rúas Emilia Pardo Bazán, Avenida de Madrid, Conde de Gondomar e a Avenida Gran Vía”*, sen terse recibido escrito de alegacións algún, o texto inicial aprobado e o documento administrativo asinado enténdese definitivo sen necesidade de nova sinatura, correspondéndolle a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previa a súa consideración polo Consello da Xerencia de Urbanismo, a ratificación do texto definitivo do presente convenio de execución de planeamento.

S.ord. 08/05/2026



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 53 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |

Por canto antecede ,PROPONSE á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previa a súa consideración polo Consello da Xerencia Municipal de urbanismo, a adopción do seguinte,

#### «ACORDO

**PRIMEIRO:** Ratificar e elevar a definitivo o acordo de aprobación inicial do “*Convenio urbanístico de execución de planeamento, Zona 7, Praza de España, sobre as parcelas sitas entre as rúas Emilia Pardo Bazán, Avenida de Madrid, Conde de Gondomar e a Avenida Gran Vía*”, adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 19.12.2025, ao non terse recibido escrito de alegación algún, polo que o texto inicial aprobado e o documento administrativo asinado enténdese definitivamente aprobado, producindo a aprobación e a formalización acadada plenos efectos xurídicos.

**SEGUNDO:** De conformidade co establecido no artigo 403 do RLSG, proceder a publicación do texto íntegro do Convenio Urbanístico de referencia, no Diario Oficial de Galicia, así como a súa anotación no Rexistro de Convenios, remitíndose copia do mesmo ao Arquivos de Convenios.

**TERCEIRO:** Contra o presente acordo que pon fin a vía administrativa, cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun (1) mes ao abeiro do previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, consonte ao disposto nos artigos 8- 1 e 46-1 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, da xurisdición contenciosa administrativa, a contar ambos prazos dende o día seguinte ao da súa publicación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que consideren procedentes. No caso de interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Actualización da estrutura salarial de técnicos-xestores e beneficiarios do “Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizada no marco do Plan de Emprego 2004-2007”. Expte. 22009/77.



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 54 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2087/1102

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

### **18(376).- ACTUALIZACIÓN DA ESTRUCTURA SALARIAL DE TÉCNICOS-XESTORES E BENEFICIARIOS DO “ACORDO MARCO DE REGULACIÓN DAS CONDICIÓN S OCIOLABORAIS DAS CONTRATACIÓN S REALIZADA NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO 2004-2007”. Expte. 22009/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 06/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 05/05/2026 asinado pola técnica de Administración Xeral e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I. O *Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas ao abeiro do Plan municipal de emprego 2004-2007*, que se atopa prorrogado para o presente ano, reflicte nos artigos 1º Contratos e retribucións (para traballadores/as beneficiarios/as dos programas de emprego) e 9º Contratos e retribucións (para técnicos/as e xestores/as) que *as retribucións actualizáranse en función do IPC previsto para cada ano*.

II. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 30 de abril de 2020, aprobou en expte. 17046/77, a actualización da estrutura salarial dos traballadores beneficiarios do “Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do plan de emprego 2001-2007”, logo do acordo adoptado na Comisión de Seguimento do Acordo marco reunida o 5 de marzo de 2020, formada por representantes do Concello de Vigo e centrais sindicais (CC.OO, UXT e CIG), a fin de garantir unha estrutura salarial coherente coas funcións, coñecemento e responsabilidade de cada posto de traballo, que manteña as diferencias mínimas entre postos atendendo á súa responsabilidade, categoría e funcións, xa que como consecuencia dos sucesivos incrementos do Salario Mínimo Interprofesional víñase producindo un desequilibrio nas retribucións das distintas categorías (publicación en BOP nº 88 do 11 de maio de 2020).

III. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 5 de marzo de 2021, adoptou o acordo de “Actualización da estrutura salarial dos traballadores/as beneficiario/as do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007”, (Exp.**18014/77**) derivadas da entrada en vigor da Lei 11/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas en materia de retribucións no ámbito do sector público, aplicando

S.ord. 08/05/2026



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 55 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |

unha suba do 0,9% con efectos desde o 01/01/2021, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios e Técnicos e xestores, respectivamente, dacordo co reflectido na táboa publicada no BOP n.º 61 do 31 de marzo de 2021.

IV. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 21 de outubro do 2021, adoptou o acordo de “Actualización da estrutura salarial dos traballadores/as beneficiario/as do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007” (Exp.**18714/77**), derivadas da entrada en vigor Real Decreto 817/2021, de 28 de setembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para o ano 2021, que establece no seu Art. 1 a Contía do SMI, aplicando unha suba con efectos desde o 01/09/2021, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios.

V. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 22 de febreiro de 2022, adoptou o acordo de “Actualización das táboas de retribucións do “Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007” (Expdte.**18945/77**) derivadas da entrada en vigor da Lei 22/2021, do 28 de decembro, polo que se aproban medidas en materia de retribucións no ámbito do sector público, aplicando unha suba do 2% con efectos desde o 01/01/2022, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios e Técnicos e xestores, respectivamente.

VI. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 25 de marzo de 2022, adoptou o acordo de “Actualización das táboas de retribucións do persoal traballador do ‘Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007’ (Expdte. **19004-77**), prorrogado o ano 2022, debido a entrada en vigor do Real Decreto 152/2022, de 22 de febreiro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para o ano 2022, que establece no seu Art. 1 a Contía do SMI, aplicando unha suba con efectos desde o 01/01/2022, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios.

VII. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 23 de febreiro de 2023, adoptou o acordo de “Actualización das táboas de retribucións do persoal traballador do ‘Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007’ (Expdte. **19925-77**), prorrogado o ano 2023, debido á entrada en vigor da “Resolución de 24 de outubro de 2022, de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos, por la que se dictan instrucciones sobre el pago al personal del Sector Público Estatal del incremento retributivo adicional del 1,5 por ciento previsto en el artículo 23 del Real Decreto-ley 18/2022, de 18 de octubre, por el que se aprueban medidas de refuerzo de la protección de los consumidores de energía y de contribución a la reducción del consumo de gas natural en aplicación del “Plan + seguridad para tu energía (+SE)”, así como medidas en materia de retribuciones del personal al servicio del sector público y de protección de las personas trabajadoras agrarias”, á “Ley 31/2022, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2023” e ao “Real Decreto 99/2023, de 14 de febrero, por el que se fija el salario mínimo interprofesional para 2023”, para establecer os salarios correspondentes ao ano 2023, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios e Técnicos e xestores.



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 56 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2087/1102

VIII. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 1 de marzo de 2024, adoptou o acordo de “Actualización das táboas de retribucións do persoal traballador do “Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007” (Expdte. **20730-77**), prorrogado o ano 2024, debido á entrada en vigor da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de “Presupostos Generales del Estado para el año 2023”, da “Resolución de 5 de octubre de 2023, de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos, por la que se dictan instrucciones sobre el pago al personal del Sector Público Estatal del incremento retributivo adicional del 0,5 por ciento vinculado a la evolución del IPCA previsto en el artículo 19.Dos.2.a) de la Ley 31/2022, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2023”, da “Resolución de 7 de febrero de 2024, de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos, por la que se publica el Acuerdo del Consejo de Ministros de 06/02/2024, por el que se aprueba el incremento del 0,5 % en las retribuciones del personal al servicio del sector público en aplicación de lo previsto en el artículo 19.Dos.2.b) de la Ley 31/202, de 23/12, de PGE para el año 2023” e do “Real Decreto 145/2024, de 6 de febrero, por el que se fija el salario mínimo interprofesional para 2024”, para establecer os salarios correspondentes ao ano 2024, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Empleo, na categoría de Beneficiarios e Técnicos e xestores.

IX. En cumprimento do establecido no Capítulo 3 para a *Xestión e seguimento* do Acordo Marco, foi convocada a Comisión Paritaria de Seguimento do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME, formada por representantes do Concello de Vigo, e doutra parte, polas centrais sindicais, CC.OO, UXT e CIG con lexitimación para a negociación da proposta de actualización salarial do persoal beneficiario deste servizo xestor, que – previa presentación da proposta ao Comité de Persoal en data 29 de febreiro de 2024 - reuniuse o 12 de marzo de 2024, non formulando ningunha obxeción ás táboas salariais que permitan garantir unha estrutura salarial coherente coas funcións, coñecemento e responsabilidade de cada posto de traballo, que manteña as diferencias mínimas entre postos atendendo á súa responsabilidade, categoría e funcións, aos efectos de evitar o desequilibrio que se viña producindo nas retribucións das distintas categorías.

X. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 23 de agosto de 2024, adoptou o acordo de “Actualización da estrutura salarial do persoal Técnico-Xestor do acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións no marco do PME 2024”, e pagamento de atrasos salariais” (Expte. **21082/77**), da Resolución de 27 de junio 2024, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se ditan instrucións sobre o pago ao persoal do Sector Público Estatal do incremento retributivo do 2 por cento para o ano 2024 previsto no artigo 6 da Real Decreto-lei 4/2024, do 26 de xuño, polo que se prorrogan determinadas medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucraína e Oriente Próximo e adóptanse medidas urxentes en materia fiscal, enerxética e social, para establecer os salarios correspondentes a este ano 2024.

XI. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 29 de agosto de 2025, adoptou o acordo de “Actualización da estrutura salarial do persoal traballador categoría técnicos-xestores, acollido ao “Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións no marco do Plan Municipal de Empleo 2004-2007” para o ano 2025 e pagamento de atrasos salariais” (Expte. 21690-77), logo da publicación no BOE núm. 158, de 2 de xullo de 2025, da Orde PJC/681/2025, de 1 de xullo, de incremento do 0,5 por cento das retribucións do persoal.

S.ord. 08/05/2026



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 57 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |

XII. En cumprimento do establecido no artigo 17 do Capítulo 3 para a *Xestión e seguimento* do Acordo Marco, foi convocada a Comisión Paritaria de Seguimento do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME, formada por representantes do Concello de Vigo, e doutra parte, polas centrais sindicais, CC.OO, UXT e CIG con lexitimación para a negociación da proposta de actualización salarial do persoal beneficiario deste servizo xestor, que – previa presentación da proposta ao Comité de Persoal en data 16 de outubro de 2025, - reuniuse o 18 de novembro de 2025, acordando a súa aprobación nos termos recollidos en acta de conformidade asinada polos membros presentes da Comisión Paritaria, ca actualización salarial reflectida nas táboas que se inclúen no Anexo I da presente proposta, como referencia retributiva a aplicar nos contratos temporais realizados ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, segundo categoría profesional.

XIII. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria 12 de decembro de 2025, adoptou o acordo de “Actualización da estrutura salarial do persoal traballador na categoría de técnicos-xestores e beneficiarios no marco do PME 2004-2007, (Expte. 21821-77).

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**I.a) Actualización da estrutura salarial das persoas traballadoras beneficiarias do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas ao abeiro do Plan Municipal de Emprego 2004-2007”, prorrogado para o presente ano:**

- **Modificación da categoría do Auxiliar Administrativo.**
- **Aprobación das porcentaxes de cada categoría.**
- **Retroactividade ao 01 de xaneiro de 2026.**

En cumprimento do establecido no artigo 17 do Capítulo 3 para a *Xestión e seguimento* do Acordo Marco, foi convocada a Comisión Paritaria de Seguimento do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME, formada por representantes do Concello de Vigo, e doutra parte, polas centrais sindicais, CC.OO, UXT e CIG con lexitimación para a negociación da proposta de actualización salarial das persoas traballadoras Técnicos e Xestores, así coma do persoal Beneficiario.

Previa presentación da proposta en data 14 de abril de 2026, a Comisión Paritaria reuniuse o pasado 17 de abril de 2026, acordando a súa aprobación nos termos recollidos en acta de conformidade asinada polos membros presentes da Comisión Paritaria, de tal forma que:

- Inclúense dous novos postos na táboa de persoas traballadoras beneficiarias de programas de Emprego:

- Técnico Auxiliar medio Ambiente
- Técnico Auxiliar Mk/Publicidade

Ámbolos dous postos figuran ao mesmo nivel retributivo que o Técnico Auxiliar PRL.

- Modifícase a categoría de Auxiliar Administrativa, pasando da categoría equivalente a peón á categoría de Oficial, coas súas retribucións salariais correspondentes a esta última categoría.

- Apróbanse as porcentaxes de retribución salarial de cada categoría sobre a categoría inmediatamente inferior. Deste xeito, cada vez que se incremente o Salario Mínimo Interprofesional



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 58 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2087/1102

(retribución correspondente aos postos de peóns de Construción e Xardinaría-forestal) actualizárase automaticamente as retribucións das demais categorías aplicando as porcentaxes correspondentes, e que figuran na táboa que se achega no Anexo I.

Tendo en conta a acta da Comisión Paritaria, e en relación ás retribucións do persoal contratado con cargo aos programas de emprego no ano 2025-2026, resulta de aplicación, dependendo do inicio de cada programa, a **Traballadores/as beneficiarios/as dos programas de emprego** categorías capataz, delineante, técnico prevención de riscos, oficiais e auxiliar administrativo, que actualmente están contratados ao abeiro do Plan Municipal de Emprego - , programa **VIGO EMPREGA** (con efectos dende o 01/01/2026) na categoría de persoal traballador beneficiario segundo os importes e desglose recollidos, segundo categoría profesional, que actualmente están contratados en funcionamento **VIGO EMPREGA** nas táboas que se inclúen no Anexo I deste expediente.

Xa que a subida do S.M.I. é con carácter retroactivo ao 01 de xaneiro deste ano, as retribucións correspondentes as categorías superiores, resultantes da aplicación das porcentaxes aprobadas, aboaranse con carácter retroactivo ao 01 de xaneiro deste ano. Debido a que aínda non se procedera ás subidas salariais descritas nas categorías profesionais antes mencionadas procede o pago das cantidades, en concepto de atrasos correspondentes ao incremento salarial derivado destas subas por importe de **30.894,80 €**, que se imputará con cargo ás partidas indicadas a continuación:

### - PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL VIGO EMPREGA:

- **21.934,80 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310000 *PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL*
- **8.960,00 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600001 SS *PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL*

### I.b) Actualización da estrutura salarial das persoas traballadoras, Técnicos e Xestores.

- **Actualización do ano 2026.**

A Comisión acorda por unanimidade a táboa salarial dos Técnicos e Xestores actualizada deste ano 2026, despois de aplicar unha subida do 1,5% que se aplicou a todos os empregados públicos este ano. Esta actualización para cada un dos postos figura na táboa correspondente do Anexo I.

### II. Órgano competente:

Para a adopción do presente acordo é competente a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal en cumprimento do previsto nos artigos 214 do texto refundido da Lei de Facendas locais (TRLFL), aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e 16 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades do Sector Público (RDCI), dado que o acordo suporá a aprobación dun gasto para o Concello de Vigo con cargo aos seus orzamentos.

S.ord. 08/05/2026



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 59 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |

**III. Recursos:**

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade con anteriormente exposto, a tenor do previsto no artigo 127.1.h) da Lei 57/2003 de Medidas para a modernización do Goberno Local, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Quinta Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e Relación coas empresas, Turismo e Xuventude, nos termos das delegacións competenciais efectuadas na Resolución de Delegación de Competencias de Alcaldía de 25 de setembro de 2025, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Actualizar, de conformidade cos feitos e fundamentos de dereito anteriormente referidos, as retribucións do "*Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007*", prorrogado para o presente ano, a todo o persoal traballador contratado na categoría de Técnicos-xestores e de Beneficiarios, respectivamente, de acordo ás táboas salariais incluídas no Anexo I do presente acordo, como referencia retributiva a aplicar nos contratos realizados ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, segundo categoría profesional.

**SEGUNDO:** Aprobar as porcentaxes de retribución salarial de cada categoría sobre a categoría inmediatamente inferior do persoas traballador contratado como persoas traballadoras beneficiarias dos programas de Emprego do Plan Municipal de Emprego. Deste xeito, cada vez que se incremente o Salario Mínimo Interprofesional (retribución correspondente aos postos de peóns de Construción e Xardinaría-forestal) actualizarase automaticamente as retribucións das demais categorías aplicando as porcentaxes correspondentes, e que figuran na táboa que se achega no Anexo I do presente acordo.

**TERCEIRO:** Aprobar o incremento salarial por importe total de **30.894,80 €** derivado da entrada en vigor de ditas normas e táboas salariais do "*Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007*" para o ano 2026, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios e Técnicos e xestores, respectivamente, tal e como se amosa nas táboas que se inclúen no Anexo I deste expediente. con cargo ás partidas indicadas a continuación:



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 60 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2087/1102

### - PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL VIGO EMPREGA:

- **21.934,80 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310000 *PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL*

- **8.960,00 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600001 SS *PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL*

**CUARTO:** Dar conta do presente acordo á Área de RRHH e Formación, á Tesourería Municipal, á Asesoría Xurídica Municipal e á Intervención Xeral Municipal, e ordenar a publicación da táboa salarial actualizada no portal de transparencia, na web municipal e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, para xeral coñecemento e efectos oportunos.

**QUINTO:** Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ANEXO I**

Táboas retributivas do persoal acollido ao "*Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007*", derivadas da actualización

S.ord. 08/05/2026



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 61 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |

## TÉCNICOS E XESTORES:

| Categoría   | Salario mes | Prorrata pagas extras | Importe bruto mes | Base cotización | CNAE/Cód. Ocup. | % cotización | Cotización SS empresa | Custe total estimado mes |
|---|-------------|-----------------------|-------------------|-----------------|-----------------|--------------|-----------------------|--------------------------|
| Titulado Superior (dirección/responsable de proxecto) | 2.688,56 €  | 448,09 €              | 3.136,66 €        | 3.136,66 €      | 84              | 33,50        | 1.050,78 €            | 4.187,44 €               |
| Titulado Medio (tutorización/intermediación laboral)  | 2.465,14 €  | 410,86 €              | 2.876,00 €        | 2.876,00 €      | 84              | 33,50        | 963,46 €              | 3.839,46 €               |
| Experto docente titulado superior ou similar          | 2.416,81 €  | 402,80 €              | 2.819,61 €        | 2.819,61 €      | 84              | 33,50        | 944,57 €              | 3.764,18 €               |
| Experto docente titulado medio ou similar             | 2.157,86 €  | 359,64 €              | 2.517,50 €        | 2.517,50 €      | 84              | 33,50        | 843,36 €              | 3.360,87 €               |
| Experto docente FP ou grado superior                  | 1.985,38 €  | 330,90 €              | 2.316,28 €        | 2.316,28 €      | 84              | 33,50        | 775,95 €              | 3.092,23 €               |
| Oficial administrativo                                | 1.468,09 €  | 244,68 €              | 1.712,77 €        | 1.712,77 €      | 84              | 33,50        | 573,78 €              | 2.286,54 €               |

## BENEFICIARIOS:

| Categoría                       | Salario mes | Prorrata pagas extras | Importe bruto mes | Base cotización | CNAE/Cód. Ocup. | % cotización | Cotización SS empresa | Custe total estimado | % incremento S/ cat. Inf. |
|---------------------------------|-------------|-----------------------|-------------------|-----------------|-----------------|--------------|-----------------------|----------------------|---------------------------|
| Licenciado                      | 2.343,53    | 390,59                | 2.734,12          | 2.734,12        | 84/a            | 33,35        | 911,83                | 3.645,95             | 17,21%                    |
| Diplomado                       | 1.999,43    | 333,24                | 2.332,67          | 2.332,67        | 84/a            | 33,35        | 777,94                | 3.110,61             | 25,37%                    |
| Administrativo                  | 1.594,82    | 265,80                | 1.860,62          | 1.860,62        | 84/a            | 33,35        | 620,52                | 2.481,14             | 17,45%                    |
| Delineante                      | 1.594,82    | 265,80                | 1.860,62          | 1.860,62        | 84/-            | 33,50        | 623,31                | 2.483,93             | 17,45%                    |
| Técnico auxiliar PRL            | 1.594,82    | 265,80                | 1.860,62          | 1.860,62        | 84/-            | 33,50        | 623,31                | 2.483,93             | 17,45%                    |
| Técnico auxiliar Medio Ambiente | 1.594,82    | 265,80                | 1.860,62          | 1.860,62        | 84/-            | 33,50        | 623,31                | 2.483,93             | 17,45%                    |
| Técnico auxiliar Mk/Publicidade | 1.594,82    | 265,80                | 1.860,62          | 1.860,62        | 84/-            | 33,50        | 623,31                | 2.483,93             | 17,45%                    |
| Capataz-construción.            | 1.594,82    | 265,80                | 1.860,62          | 1.860,62        | 84/d            | 38,55        | 717,27                | 2.577,89             | 17,45%                    |
| Auxiliar topografo              | 1.357,87    | 226,31                | 1.584,18          | 1.584,18        | 84/-            | 33,50        | 530,70                | 2.114,88             | 11,21%                    |
| Oficial albanel                 | 1.357,87    | 226,31                | 1.584,18          | 1.584,18        | 84/d            | 38,55        | 610,70                | 2.194,88             | 11,21%                    |
| Oficial carpintería aluminio    | 1.357,87    | 226,31                | 1.584,18          | 1.584,18        | 84/d            | 38,55        | 610,70                | 2.194,88             | 11,21%                    |
| Oficial carpintería madeira     | 1.357,87    | 226,31                | 1.584,18          | 1.584,18        | 84/d            | 38,55        | 610,70                | 2.194,88             | 11,21%                    |
| Oficial carpintería metálica.   | 1.357,87    | 226,31                | 1.584,18          | 1.584,18        | 84/d            | 38,55        | 610,70                | 2.194,88             | 11,21%                    |
| Oficial conducción              | 1.357,87    | 226,31                | 1.584,18          | 1.584,18        | 84/f            | 38,55        | 610,70                | 2.194,88             | 11,21%                    |
| Oficial desinfección            | 1.357,87    | 226,31                | 1.584,18          | 1.584,18        | 84/g            | 35,45        | 561,59                | 2.145,77             | 11,21%                    |
| Oficial electricista            | 1.357,87    | 226,31                | 1.584,18          | 1.584,18        | 84/d            | 38,55        | 610,70                | 2.194,88             | 11,21%                    |
| Oficial fontaneiro              | 1.357,87    | 226,31                | 1.584,18          | 1.584,18        | 84/d            | 38,55        | 610,70                | 2.194,88             | 11,21%                    |
| Oficial mecánico de maquinaria  | 1.357,87    | 226,31                | 1.584,18          | 1.584,18        | 84/d            | 38,55        | 610,70                | 2.194,88             | 11,21%                    |
| Oficial pintor                  | 1.357,87    | 226,31                | 1.584,18          | 1.584,18        | 84/d            | 38,55        | 610,70                | 2.194,88             | 11,21%                    |
| Oficial xardinaria              | 1.357,87    | 226,31                | 1.584,18          | 1.584,18        | 84/g            | 35,45        | 561,59                | 2.145,77             | 11,21%                    |
| Auxiliar administrativo         | 1.357,87    | 226,31                | 1.584,18          | 1.584,18        | 84/a            | 33,35        | 528,33                | 2.112,51             | 11,21%                    |
| Peón construción                | 1.221,00    | 203,50                | 1.424,50          | 1.424,50        | 84/d            | 38,55        | 549,14                | 1.973,64             |                           |
| Peón xardinaria-forestal.       | 1.221,00    | 203,50                | 1.424,50          | 1.424,50        | 84/g            | 35,45        | 504,99                | 1.929,49             |                           |

## 19(377).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/05/2026 14:38

Páxina 62 de 63

2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026

CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2087/1102

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez

S.ord. 08/05/2026



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 22/05/2026 14:38           | Páxina 63 de 63 |
| 2087-1102 Aprobado por XGL 15/05/2026  | CSV: A3B3B5-B12AE6-27B2B1-TAWS5N-XPMMR6-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |